



## Concello de Baralla

### BANDO

#### D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

#### FAI SABER:

Con data 14 de decembro de 2022 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 236, a resolución do **Instituto Galego da Vivenda e Solo** pola que se convoca **O PROGRAMA DE AXUDA AO ALUGUEIRO DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL PARA O ACCESO Á VIVENDA 2022-2025**.

#### BENEFICIARIOS

Persoas físicas maiores de idade que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán contar con autorización de estadía ou residencia en España.
- Ser titular, en calidade de persoa arrendataria, dun contrato de alugamento de vivenda, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos. Os contratos deberán ter unha duración mínima dun ano e facer mención expresa á referencia catastral da vivenda arrendada.
- Que a vivenda arrendada constitúa a residencia habitual e permanente da persoa arrendataria, o que se deberá acreditar mediante certificado ou volante de empadramento, en que consten, á data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual na vivenda obxecto do contrato de alugamento.
- Que a renda mensual da vivenda non supere os importes establecidos no ordinal oitavo destas bases reguladoras (400 € no municipio de Baralla).
- Que a suma total das rendas anuais das persoas que teñan o seu domicilio habitual ou permanente na vivenda arrendada, consten ou non como titulares do contrato de alugamento, sexan iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM. O límite será de 4 veces o IPREM no caso de que a unidade de convivencia sexa unha familia numerosa de categoría xeral ou dentro dela haxa persoas con discapacidade ou vítimas de terrorismo. O límite será de 5 veces o IPREM cando a unidade de convivencia sexa familia numerosa de categoría especial ou teña persoas con discapacidade cun grao recoñecido igual ou superior ao 33 %.
- Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,5 veces o IPREM.

#### CONTÍA DAS AXUDAS

- ❖ 50 % da renda que deban satisfacer polo alugueiro da súa vivenda habitual e permanente.
- ❖ A contía da axuda recoñecida na resolución de concesión determinarase en función da renda establecida no contrato, sen que en ningún caso o seu importe poida ser incrementado, aínda que a citada renda aumente ao longo da duración do contrato
- ❖ A axuda concederase anualmente e poderá acadar o prazo máximo de cinco anos.

#### PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 02-01-2023 ao 05-05-2023, e, en todo caso, ao esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria

#### INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 16 de decembro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 7DDFWFKGKYPDWA4ZA706FC4N | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1